

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008

# **11201 Capacidade das estradas competencia da comunidade autónoma**

## **PROXECTO TÉCNICO**

### **Xustificación**

A información que se recolle nesta operación estatística é precisa para coñecer o tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG). Este coñecemento emprégase para:

- Coñecemento das demandas reais da rede viaria e extrapolación das demandas futuras.
- Comparación obxectiva dunhas vías con outras.
- Priorización dos investimentos futuros, tendo en conta as necesidades das demandas do transporte e o beneficio social.
- Obtención de series de datos fiables e obxectivos, imprescindibles para a elaboración de futuros proxectos de novo trazado de estradas, de variantes de poboacións ou de acondicionamento de treitos en mal estado.
- Determinación das características xeométricas dos diferentes treitos da rede en función do nivel de servizo prestado.
- Dimensionamento das categorías do firme a empregar para soporta-lo tráfico de vehículos pesados.
- Análise da incidencia das novas infraestruturas nos usuarios, rexistrando as intensidades reais destas infraestruturas unha vez postas en funcionamento e comparándoas coas intensidades rexistradas antes da apertura.

## Obxectivos concretos da investigación

O obxectivo básico do vixente Plan de Aforos é o coñecemento do tráfico que transita pola Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG). É dicir, coñecer o número de vehículos que empregan cada un dos treitos de estrada que compoñen RAEG nun intervalo de tempo determinado.

O parámetro principal e mais xeral que se emprega para indicar o tráfico dunha estrada é a Intensidade Media Diaria (IMD) que reflicte o número medio de vehículos que pasan nun día por un treito de estrada. A IMD debería calcularse como o número total de vehículos que pasan durante un ano por unha sección transversal da estrada, dividido polo número de días do ano, é dicir, como a media anual das intensidades diarias dun determinado treito. Non obstante, ante a dispoñibilidade limitada dos recursos, e polo tanto, dos rexistros que se poden obter nunha rede tan extensa, a IMD, normalmente estímase a partires de rexistros de tráfico inferiores o ano.

Polo tanto, unha das principais variables a investigar nesta operación é a intensidade diaria (ID) dun treito da estrada que é o número total de vehículos que pasan durante un día determinado por unha sección transversal da estrada. A partires das intensidades diarias calcúlanse:

- a media anual que nos dá a IMD
- as medias mensuais que nos dan dende a IMD<sub>xan</sub> ata a IMD<sub>dec</sub> (unha para cada mes do ano)
- as medias anuais para cada día da semana obtendo a IMD<sub>luns</sub>, a IMD<sub>martes</sub>,..., ata a IMD<sub>domingo</sub> (unha para cada día da semana). A partires destas medias constrúese o que se denomina "semana media"
- as medias anuais para os festivos e laborais (IMD<sub>festivos</sub> e IMD<sub>laborais</sub>)

Estes indicadores permítenos coñecer a intensidade do tráfico, número medio de vehículos que pasan nun día por un treito da estrada, nun determinado mes (IMD<sub>mes</sub>) ou nun determinado día da semana.

Ademais da intensidade diaria tamén se investiga a intensidade horaria que é o número total de vehículos que pasan durante unha hora determinada por unha sección transversal da estrada. Estas intensidades horarias permítenos calcular:

- A intensidade na hora trinta (I<sub>30</sub>): Intensidade de tráfico que, en rango de maior a menor, ocupa o lugar trinta (30), nunha ordenación hora por hora ó longo dun (1) ano.
- A intensidade na hora cento cincuenta (I<sub>150</sub>): Intensidade do tráfico que, en rango de maior a menor, ocupa o lugar cento cincuenta (150), nunha ordenación hora por hora ó longo dun (1) ano.

- As medias anuais das intensidades horarias para cada unha das 24 horas do día, o que nos permite obter a  $IH_0$ ,  $IH_1$  ata a  $IH_{23}$ . A partir destas medias constrúese o que se denomina “día medio”. Estas medias calcúlanse tamén para cada hora do día, para os días festivos e para os días laborables.

Para coñecer a tipoloxía de tráfico tamén se investiga a porcentaxe de vehículos pesados que pasan por cada treito da estrada.

## **Recollida e procesamento de datos**

### **Estacións de medición**

A información recóllese mediante as radicacións de estacións de rexistro de tráfico repartidas polas estradas da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG) (incluída no anexo III). Todas as estacións que se empregan no Plano de Aforos son patrimonio da Xunta de Galicia.

Segundo o xeito no que detectan os vehículos temos estacións de detección magnética (estacións fixas) e estacións de detección pneumática (estacións móbiles).

Polo tanto unha estación fixa componse de:

- bucles ou espiras instalados sobre os carris de circulación. Para iso, faise unhas pequenas canles ou cortes sobre o pavimento polas que se introduce un cable eléctrico. Posteriormente se tapan estas canles con resina.
- caseta metálica cimentada a carón dos bucles fóra da zona de circulación onde se achegan os cables que se introducen nos bucles.

As instalacións de estas estacións unha vez realizadas son definitivas, non se poden mover, por iso se denominan fixas. Para poder rexistrar o tráfico mediante detección magnética en outra sección diferente, necesitaríase instalar unha nova estación.

A estación móbil componse de:

- tubos pneumáticos que se dispón perpendicularmente ós carris de circulación.
- caixa metálica a onde se achegan os tubos pneumáticos.

Estas estacións pódense desinstalar en calquera momento e trasladalas a outra sección a aforar que interese. Por isto denomínanse móbiles.

Logo, en ambos os dous tipos de estacións (fixas/móbiles ou magnéticas/pneumáticas), para rexistrar o tráfico, colócase na caseta ou na caixa metálica, un dispositivo electrónico que a través da corrente que fai circular polo cable dos bucles detecta as súas variacións producidas polo paso da masa metálica dos vehículos que circulan sobre os bucle ou, no caso das móbiles, polo aumento de presión pneumática que se produce ó esmagar un tubo pneumático as rodas dos vehículos. Entón contabiliza o paso de cada vehículo e rexistra tamén o intre no que se produce (hh:mm:ss dd/mm/aaaa) e a súa lonxitude a través do tempo que permanece sobre a espira. A lonxitude non se rexistra nas estacións móbiles.

Posteriormente o parámetro de lonxitude serve para diferenciar indirectamente os vehículos lixeiros dos pesados. O criterio adoptado actualmente é considerar vehículos lixeiros aqueles de lonxitude menor á establecida no anexo IV e o resto pesados.

A clasificación que se fai das estacións de medición en función do tempo que están a rexistrar os datos de tráfico é a seguinte:

Estacións Permanentes (PER): son estacións nas que se aforan tódalas horas de tódolos días do ano, por detección magnética, realizando unha clasificación dos vehículos entre lixeiros e pesados. Ó realizar un rexistro de datos dun xeito continuo ó longo de todo o ano, estas estacións permiten un coñecemento das variacións típicas do tráfico (anual, mensual, semanal e diaria).

Estacións Semipermanentes (SEM): este tipo de estacións deben aforar por medio de detección magnética durante períodos de 30 días en meses alternos, de tal xeito que, ó longo do ano rexistraran o tráfico durante seis meses. A información rexistrada por estas estacións permite, có apoio nas estacións permanentes, estudar as variacións do tráfico horarias, diarias e mensuais.

Estacións Complementarias (COM): consideraranse estacións complementarias todas aquelas que non entran nas tipoloxías anteriores. Dentro desta categoría ímonos atopar con dúas tipoloxías, aquelas que utilizan a detección magnética e polo tanto son estacións fixas, e as que utilizan a detección pneumática, e polo tanto son estacións móbiles. No primeiro caso, as estacións deberán rexistrar datos ao menos durante dous períodos (non seguidos) de 30 días consecutivos cada un. As estacións pneumáticas deberán rexistrar datos durante alomenos un período dunha semana completa.

Cada ano, pode cambiar a programación (PER, SEM ou COM) de cada unha das estacións fixas segundo necesidades e programacións anteriores.

Existe un número maior de estacións fixas que de dispositivos electrónicos que se radican no interior das casetas metálicas, pois non todas as estacións fixas están rexistrando datos á vez, nin teñen a mesma duración de rexistros nin se aforan todo os anos.

O teito de rexistro de estacións fixas ao ano establécese no anexo III, o resto de estacións fixas permanecen sen aforar ese ano aínda que no futuro poden volver a rexistrar datos (anexo I)

## **Recollida de datos.**

A recollida dos datos rexistrados polos dispositivos electrónicos radicados no interior da caseta metálica nas estacións fixas faise coa frecuencia establecida no anexo III. Este traballo é realizado por un operario que se despraza ata a radicación da estación fixa e descarga os datos nun portátil mediante unha conexión directa. Tamén se aproveita o desprazamento para comprobar o funcionamento correcto da estación.

No caso das estacións móbiles (detección pneumática) á semana da súa radicación retíranse todo os elementos da estación (tubos, caixa e dispositivo electrónico), descargando os datos posteriormente na oficina.

Os rexistros descargados dos dispositivos son avaliados un a un na procura de posibles fallos no funcionamento. Unha vez revisados os datos rexistrados son incorporados á base de datos para posteriormente agregalos nos parámetros a obter.

No caso de dúbida do rexistro, analízase as causas e comprobase o dispositivo.

## **Procedemento de cálculo**

Tendo en conta a amplitude de RAEG que se pretende controlar co Plano de Aforos e a escasez dos medios dispoñibles, faise necesaria a optimización dos recursos materiais e humanos a empregar. Para iso, cómpre realizar unha selección moi coidadosa das seccións nas que se realizarán os aforos, de tal xeito que todas as vías da rede queden representadas.

Para obter datos con certa exactitude é necesaria unha rede de estacións de aforo que os existren de xeito continuado ao longo do tempo. Este compromiso contraponse á idea de optimizar os recursos dispoñibles. Para poder acadar os dous obxectivos, é dicir, uns datos fiables e unha optimización dos recursos, recórrase ao método da mostraxe. Este método consiste basicamente en recoller unha información exhaustiva nun número pequeno de seccións elixidas nos treitos máis significativos da rede. Destas seccións dedúcense as leis de variación do tráfico que posteriormente se aplican ó resto das seccións, nas que se rexistraron datos en intervalos curtos de tempo.

### **Cálculo dos parámetros nas estacións fixas**

Os dispositivos electrónicos radicados nas estacións fixas, rexistran o intre de paso para cada un dos vehículos que detecta (dd/mm/aaaa; hh:mm:ss). Toda esta información vaixe almacenando na memoria do dispositivo. Posteriormente, trala descarga dos datos, na oficina agréganse o número de vehículos rexistrados para cada unha das horas do aforo establecido. É dicir, sumar o vehículos rexistrados durante a mesma hora do día. Estas series de datos horarios, a súa vez agréganse en serie de datos diarios (sumando todos os vehículos rexistrados durante todas as horas dun mesmo día) e así sucesivamente para a semana, o mes e incluso o ano nas estación permanentes.

Antes de proceder ao cálculo dos parámetros, faise unha reconstrucción previa dos datos daquelas estacións fixas semipermanentes ou complementarias.

#### Reconstrucción dos datos en estacións fixas:

Para completar a serie anual de datos dunha estación fixa que non rexistrou datos perante todo o ano (SEM ou COM), faise unha reconstrucción (ou elevación) dos datos perante o tempo que non rexistrou datos a partires dunha serie completa dun ano pasado desa estación e dos datos que se rexistraron ese ano, cun criterio de proporcionalidade. É dicir, reconstrúense as intensidades horarias dos días do ano no que a estación fixa non estivo rexistrando datos. O resultado incorporase á base de datos. Non obstante, na base de datos sempre se pode diferenciar entre os datos reconstruídos e os datos rexistrados.



### Cálculo dos parámetros:

- IMD anual. A partir do número de vehículos de cada día (temos, para cada punto de aforo, 365 intensidades diarias), faise a suma ao longo de todos os días e divídese entre 365.
- IMD mensual (unha por cada mes do ano). A partir do número de vehículos de cada día (temos, para cada punto de aforo, 28 ou 29 intensidades diarias no caso de febreiro e 30 ou 31 no resto de meses), faise a suma ao longo de todos os días do mes en cuestión e divídese entre o número de días dese mes.
- IMD de cada un dos días da semana. A partir do número de vehículos de cada día (temos, para cada punto de aforo, 365 intensidades diarias), faise para cada día da semana (luns, martes,...) a suma de todas as intensidades diarias dese tipo de días e divídese entre o número dese día da semana que houbo nese ano.
- IMD festivos e laborais. A partir do número de vehículos de cada día (temos, para cada punto de aforo, 365 intensidades diarias), faise para cada tipo de día a suma de todas as intensidades diarias e divídese entre o número de días festivos ou laborables
- Intensidade media horaria. A partir do número de vehículos de cada hora (temos, para cada punto de aforo, 24x365 intensidades horarias), sumase para unha hora "h" as intensidades recollidas (ou imputadas) nesa hora ao longo de todos os días e divídese entre 365.
- Intensidade media horaria festivos e laborais. A partir do número de vehículos de cada hora (temos, para cada punto de aforo, 24x365 intensidades horarias), sumase para unha hora "h" as intensidades horarias recollidas ao longo dos días festivos ou laborais e divídese entre o número de horas dos días festivos ou laborais (isto é, 24 x número de festivos [ou laborais]).
- Intensidade na hora 30 e intensidade na hora 150. Ordénanse as 24x365=8760 intensidades horarias e cóllense as que ocupan os lugares 30 e 150 de maior a menor.
- Porcentaxe de vehículos pesados. Cóllense o número de vehículos pesados que pasaron por un punto de aforo e divídese entre o total de vehículos

### **Cálculo da IMD anual nas estaciones móbiles.**

Como a cantidade de datos rexistrada por estas estacións é pequena (soamente unha semana), non se fai reconstrución do resto de datos que completaría o ano, ademais de que tampouco se teñen rexistros anuais completos de anos anteriores. En cambio, o que se fai é estimar a IMD anual a partir de una estación afín fixa, da cal se dispón maior cantidade de datos, e a estación móbil cun criterio tamén de proporcionalidade.

Unha estación móbil proporciona a intensidade diaria de sete días consecutivos, é dicir dunha semana completa. Unha vez obtidos estas intensidades diarias, calcúlase a media delas, resultando a intensidade media diaria durante os días rexistrados pola estación móbil que se

compara proporcionalmente con a relación existente entre a IMD mensual correspondente e a IMD anual da estación afín. Do resultado de igualar a relación anterior da estación afín coa relación de IMD semanal rexistrada e IMD anual da estación móbil, obtemos finalmente a IMD anual asociada á estación móbil.

## **Elevacións á toda RAEG.**

Os datos agregados obtidos a partir das observacións están referidos a puntos quilométricos concretos da RAEG, é dicir, é unha información dun punto da estrada. Para elevar estes datos ao resto primeiramente tense dividida RAEG en treitos de estrada que se consideran homoxéneos no tráfico. O inicio e final de estes treitos están situados nas interseccións con outras vías, é dicir, nas conexións de entrada ou saídas de vehículos que modifiquen o tráfico do treito dun xeito substancial. Si se observa diferenza da cantidade de tráfico no mesmo treito, procédese a súa subdivisión ata que os tráfico dentro dun mesmo treito sexan homoxéneos.

Neses treitos definidos co criterio dito (con lonxitude definida por punto quilométrico de inicio e final), cada ano, incorpórase a IMD anual da estación fixa ou móbil si esta estivera situada dentro do treito. Non obstante, non se pode facer aforos todos os anos en todo os treitos pois son moitos. Nestes casos, sempre se ten un aforo dun ano pasado que se extrapola ao ano presente a partir dunha estación fixa que se toma coma afín e aplicando un criterio de proporcionalidade. Este criterio consiste en multiplicar o dato pasado pola taxa de crecemento vexetativo anual da estación afín.

$IMD \text{ actual} = IMD \text{ de fai un ano} \times [(IMD \text{ actual} / IMD \text{ de fai un ano}) \text{ da estación afín}]$ .

Cada certo número de anos, co gallo de corrixir a tendencia, vólvese a aforar o treito mediante unha estación móbil.

A través deste procedemento obtense para cada treito da estrada a súa lonxitude en km e a súa IMD anual. Despois agrúpanse os treitos nas seguintes categorías segundo a súa IMD: <1000; 1000-2900; 3000-4999; 5000-9999; 10000-14999; 15000-25000 e >25000 ou segundo o tipo de vía en VAC, PB, PC e S. Unha vez teñamos os treitos que pertencen a cada unha das categorías calcúlanse os seguintes parámetros:

- Lonxitude: sumase a lonxitude de todos os treitos que pertencen a esa categoría
- Vehículos - km - ano (veh-km): para cada treito reflíctese o número de quilómetros percorridos por todos os vehículos que pasaron por ese treito de estrada perante un ano. Calcúlase multiplicando o número de vehículos que pasan por un treito (IMD x 365) pola lonxitude en Km do treito. Para unha categoría obtense o seu veh-km sumando os veh-km de todos os seus treitos.
- IMD media: é a intensidade media de todos os treitos desa categoría e calcúlase dividindo o veh-km desa categoría entre a súa lonxitude en km e entre os 365 días do ano.
- Vehículos - km - ano pesados (veh-km pesados): para cada treito reflíctese o número de kilómetros percorridos por todos os vehículos pesados que pasaron por ese treito de estrada perante un ano. Calcúlase do mesmo xeito que o veh-km, multiplicando para

cada trecho o número de veículos pesados que passaram por el, polo número de km do trecho.

- Porcentaxe de pesados: divídese o veh-km pesados entre o veh-km totais

## Difusión dos resultados

Os resultado difundiranse en memorias de tráfico do ano que corresponda a través da web da consellería competente na materia, previa descarga do arquivo en "pdf".

Na memoria de tráfico figurarán os seguintes resultado do Plano de aforos do ano que corresponda:

- Descrición do Plano de Aforos e dos traballos desenvolvido nese ano (obxectivos, metodoloxía, definicións, incidencias, etc).
- Características xerais do tráfico no ano de referencia e táboa resumen da evolución do tráfico en Galicia desde 1998. Para o ano da memoria difúndense información da rede de estradas, a nivel de Galicia e provincias e clasificada segundo os intervalos de IMD ou segundo o tipo de vía, os parámetros: lonxitude, IMDmedia, veh-km, veh.-km pesados e % de pesados. Na evolución, difúndese para Galicia e o total da rede a lonxitude, IMDmedia, veh-Km, incremento anual do veh-km e incremento medio anual do veh-km desde 1998.
- Resultado nas estacións fixas nese ano:
  - Código (estrada/punto quilométrico) e outros datos (nome, treito, etc)
  - IMD anual
  - Porcentaxe de vehículos pesados.
  - Intensidade na hora 30 e intensidade na hora 150 (I30 e I150).
  - IMD mensual (unha por cada mes do ano)
  - Semana media: IMD de cada un dos días da semana, dos laborais e dos festivos
  - Día medio: Intensidade media horaria para cada unha das 24 horas do día medio, do día medio dos laborais e do día medio dos festivos do ano.
  - Evolución dos últimos 5 anos da IMD anual.
- Visualización gráfica dos resultados. Mapas de tráfico:
  - radicación das estacións fixas nun plano de RAEG coa IMD anual e % de pesados.
  - Indicación mediante cores os intervalos de IMD rexistrados nas estradas no mesmo plano de RAEG.

De xeito complementario editáanse 300 copias en papel e formato informático da memoria de tráfico consistentes en unha pequena caixa de cartón que contén:

- CD coa información colgada da web mais unha aplicación informática de entorno gis (Mapobjects) que contén ademais os datos das estacións móbiles dese ano e de anos

anteriores. Os datos que se aportan da estación móbiles son a situación (estrada e punto quilométrico), mes e ano de instalación e IMD anual calculada.

Esta aplicación permite ademais localizar as estradas de RAEG e coñecer os seus datos de denominación e lonxitude, así como localizar puntos quilométricos e concellos, sobre un mapa de toda comunidade de Galicia.

- Listado das estacións de aforo por provincias (código, nome, treito, rede, IMD e % de pesados).

- Plano de RAEG coa IMD das estacións fixas, intervalos de IMD por treitos de estrada, etc.

Estas copias están a disposición do persoal da consellería e ademais se fai unha difusión entre outras administracións, organismos, empresas e aqueles administrados que o solicitan ata esgotar as existencias, deixando un número mínimo para o arquivo. O motivo de que non estea colgado da páxina web é o tamaño dos arquivos de instalación da aplicación (100 Mb).

## **Anexos**

### **Anexo I : Estacións de medicións**

Neste anexo inclúese, a modo de exemplo, un listado coas estacións fixas de aforo que se posúan na comunidade autónoma no ano 2006.

### **Anexo II: Decreto 308/2003, polo que se aproba a relación de estradas titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia**

### **Anexo III: Relación actualizada de estradas titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia**

Neste anexo recollese a relación actualizada a maio de 2007 das estradas titularidade da comunidade autónoma e que nese momento constituían a REAG.

### **Anexo IV: Parámetros**

Neste anexo inclúense o valor actual, ano 2007, dunha serie de parámetros que se citan ao longo do proxecto.

### **Anexo V: Tramificación**

Neste anexo inclúense, a modo de exemplo, un listado cos treitos de estrada en que se ten dividida a RAEG no ano 2007.

**Anexo I**  
**Estaciones de medición**



PROVINCIA DE A CORUÑA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	IMD	%Pes
		X	Y					
AC-102(4)	Com	11	V	Cerdido	Cerdido - Esteiro (AC-566)	PC	1.131	6,9
AC-115(2)	Com	10	T	Neda	Fene (N-651) - Xubia (AC-862)	PC	11.223	6,2
AC-116(10)	Per	10	U	Lago	Enl. AG-64 - Valdoviño (AC-566)	PC	4.441	3,7
AC-133(1)	Per	10	T	Fene (AC-133)	Fene (N-651) - Maniños (Estda. Dep.)	S	11.167	2,7
AC-133(5)	Com	10	T	Piñeiro	A Gallada (AC-122) - Franza (AC-123)	S	4.899	4,3
AC-164(2)	Com	10	R	Bergondo (AC-164)	Guísamo (N-VI) - Bergondo (AC-162)	PC	13.987	5,7
AC-173(1)	Com	8	R	Bastiaqueiro (Oleiros)	Perillo (N-VI) - Santa Cruz (AC-190)	PC	22.836	2,4
AC-174(2)	Per	9	R	Montrove (Oleiros)	Perillo (N-VI) - Oleiros (AC-180)	S	15.223	3,0
AC-230(2)	Com	11	Q	Montesalgueiro	Montesalgueiro (N - VI) - Estación Curtis (AC-840)	S	1.057	15,9
AC-234(4)	Com	10	N	A Trapa	Arzúa (N-547) - Boimorto (CP-1002)	PC	1.819	10,3
AC-240(10)	Per	9	M	Touro (AC-240)	Burres (N-547) - Fonte Díaz (CP-6602)	S	434	7,7
AC-250(2)	Per	8	N	Sigüeiro	Sigüeiro (N-550) - Labacolla (A-54)	S	3.859	7,2
AC-305(0)	Per	6	K	Dodro	Padrón (VG-1.1) - Bexo (AC-306)	PC	5.427	5,7
AC-305(13)	Per	5	K	Araño	Bexo (AC-306) - Enl. Boiro Este (VG-1.1)	PC	3.272	5,8
AC-305(30)	Per	4	J	Pobra do Caramiñal (AC-305)	Boiro - Pobra do Caramiñal (AC-302)	PC	8.298	5,0
AC-306(1)	Per	6	K	Bexo	Bexo (AC-305) - O Regueiro (AC-553)	S	442	10,0
AC-400(3)	Per	8	R	Sigrás	O Gaieiro (Estda. a Culleredo) - Peiro (Cruce a A-6)	PC	2.212	8,8
AC-400(24)	Com	7	P	Pico Cedeira	Cerceda - A Silva (AC-413)	PC	1.386	8,3
AC-404(15)	Per	4	P	Zas	Zas (CP-9304) - Baio (AC-552)	PC	2.281	7,5
AC-413(6)	Com	8	P	Lesta	Ordes (CP-5903) - A Silva (AC-400)	PC	2.184	15,9
AC-415(5)	Com	8	R	Pastoriza	Pastoriza - Sabón (AC-552)	PC	11.899	6,2
AC-422(4)	Per	5	Q	Pazos	Buño (AC-414) - Ponteceso (AC-430)	PC	4.726	6,4
AC-432(4)	Com	3	P	Vimianzo	Vimianzo - Resesindes (AC-433)	PC	3.293	5,7
AC-440(2)	Com	3	O	Berdoias	Berdoias (AC-552) - Muíños	PC	1.556	6,4
AC-441(9)	Com	3	O	Baiñas	Pereira (AC-400) - Boudañeira (AC-442)	PC	2.540	12,3
AC-445(2)	Com	2	N	Corcubión	Cee (AC-550) - Fisterra	PC	4.042	5,4
AC-524(4)	Per	9	O	Ordes	Enl. A9 - Xanceda (AC-223)	PB	2.776	10,1
AC-542(9)	Com	9	Q	Abegondo	Mabegondo (AC-221) - As Travesas (AC-223)	PB	6.134	11,1
AC-543(0)	Com	7	M	Vidán	Glor. de Vidán (AC-548) - Roxos (AC-453)	PB	29.068	3,5

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Vía alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE A CORUÑA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	IMD	%Pes
		X	Y					
AC-543(15)	Com	6	M	Urdilde	Os Anxeles (AC-300) - Urdilde (Dep.)	PB	8.280	7,0
AC-543(28)	Per	4	L	Noia (AC-543)	Noia (AC-311) - Noia Norte (AC-550)	PB	4.459	5,9
AC-544(7)	Com	6	M	Ponte Maceira	Brión (AC-451) - Negreira (AC-444)	PB	9.368	7,4
AC-548(0)	Com	7	M	Vidán (AC-548)	A Rocha (N-550) - Vidán (AC-543)	PB	24.839	4,0
AC-550(85)	Com	3	K	Porto do Son	Noia (AC-311) - Porto do Son	PB	4.899	6,4
AC-552(5)	Com	8	R	A Maceira (Arteixo)	Enl. AG-55 - Glor. de Sabón (AC-415)	PB	20.808	7,6
AC-552(23)	Com	7	Q	Cabovilaño	Enl. AG-55 - Ramal Enl. AG-55	PB	13.226	8,1
AC-552(35)	Com	6	Q	Coristanco	Enl. Carballo Sur (AG-55) - Coristanco (CP-1912)	PB	15.259	6,4
AC-552(57)	Per	4	P	Baio	Agualada (AC-421) - Baio (AC-430)	PB	7.577	7,5
AC-552(87)	Com	2	N	Cee (AC-552)	Dumbria (AC-199) - Cee	PB	8.716	7,2
AC-553(0)	Com	6	K	Ponte Catoira	Saída 10 (VG-1.1) - Ponte Catoira	PB	5.938	11,4
AC-564(5)	Per	10	S	Fonfría	Cabanas (AP-9) - As Neves	PB	3.369	9,9
AC-564(15)	Com	12	T	Goente	As Neves - Piñeiral (AC-142)	PB	3.824	9,8
AC-566(8)	Com	10	U	Serqueiro	Enl. AG-64 - Valdoviño (AC-116)	PB	8.667	4,6
AC-566(40)	Com	12	V	Campo do Hospital (AC-566)	Cedeira - Campo do Hospital (AC-862)	PB	1.282	5,6
AC-840(18)	Com	10	P	Cesuras	As Neves (CP-0106) - N-634	PB	5.029	10,3
AC-840(48)	Com	11	N	Melide	Correoiras (AC-234) - Melide (N-547)	PB	3.718	12,7
AC-861(36)	Com	12	T	Espiñaredo (AC-861)	Espiñaredo (AC-117) - Enl. AG-64	PB	4.084	30,4
AC-862(22)	Com	11	U	Lamas	San Sadurniño (AC-112) - Felgasas (AC-102)	PB	5.291	8,5
AC-862(38)	Com	12	V	Campo do Hospital (AC-862)	Campo do Hospital (AC-566) - Mera (CP-6121)	PB	4.258	9,4
AC-862(58)	Com	13	W	Espasante	Espasante (CP-6103) - O Barqueiro (AC-100)	PB	2.761	10,7
AC-934(20)	Per	12	O	Sobrado	Límite de Provincia - Sobrado (AC-231)	PC	682	12,3
AG-55(7)	Com	8	R	Arteixo (AG-55)	A Coruña (Enl. AC-552) - Enl. A6	VAC	16.500	5,6
AG-55(19)	Com	7	R	Laracha (AG-55)	Enl. Paosaco - Enl. Laracha	VAC	12.364	7,3
AG-55(25)	Com	6	Q	Bértoa (AG-55)	Enl. Laracha - Enl. Carballo Norte	VAC	11.530	7,4
AG-55(31)	Per	6	Q	Carballo (AG-55)	Enl. Carballo Norte - Enl. Carballo Centro (AC-414)	VAC	10.974	8,3
AG-64(2)	Com	10	U	Río do Pozo	Glor. AC-116 - Enl. P.I. Río do Pozo	VAC	9.741	11,3
AG-64(5)	Per	10	U	Xubia	Enl. Narón (AC-566) - Enl. Sedes (CP-5404)	VAC	10.149	14,1
AG-64(12)	Com	11	T	San Sadurniño	Enl. Ortigueira (AC-862) - Enl. Narahío (AC-861)	VAC	4.442	21,0

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Via alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE A CORUÑA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	IMD	%Pes
		X	Y					
AG-64(21)	Per	11	T	Ramadela	Enl. Igrexafeita (AC-861) - Enl. Espiñaredo (AC-861)	VAC	3.944	26,3
VG-1.1(1)	Com	6	L	Padrón (VG )	Padrón (N-550) - Enl. Lestrove (AC-305)	VAC	12.232	7,9
VG-1.1(19)	Com	5	K	Boiro	Enl. Taragoña - Enl. Boiro Norte (AC-305)	VAC	14.809	9,0
VG-1.1(28)	Com	4	K	Pobra do Caramiñal Norte	Enl. Boiro Sur - Enl. Pobra Norte	VAC	11.045	9,0
VG-1.1(37)	Com	4	J	Pobra do Caramiñal Sur	Enl. Pobra Sur (AC-302) - Enl. Palmeira	VAC	9.518	8,4
VG-1.2(3)	Per	10	S	Lodairo (VG-1.2)	Enl. S. Xoán Piñeiro (AC-122) - Enl. (AC-123)	VAC	5.686	7,1

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Vía alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE LUGO

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede	IMD	%Pes
		X	Y			Red		
CG-2.1(5)	Com	15	J	Moreda	Enl. Monforte Oeste (VG-2.1) - Enl. Toiriz-Ferreira	VAC	3.481	10,1
CG-2.1(16)	Per	14	J	Escairón (CG-2.1)	Enl. Escairón Oeste (LU-617) - Escairón (LU-533)	VAC	2.470	11,1
LU-111(12)	Com	15	Q	Cospeito (LU-111)	Rábade - Feira do Monte (Cospeito)	PC	2.044	11,8
LU-113(10)	Per	16	Q	Castro	Castro (LU-115) - LU-120	PC	2.542	9,4
LU-120(1)	Com	14	R	Vilalba (LU-120)	Vilalba (N-634) - Tumbo (LU-111)	PC	3.799	9,4
LU-122(30)	Per	17	T	A Laxe	Cruz da Cancela (LU-124) - Lourenzá (N-634)	PC	2.180	13,2
LU-132(1)	Com	17	T	Lourenzá (LU-132)	Lourenzá - Trabada	PC	457	10,8
LU-160(9)	Com	17	T	Masma	Masma (LU-153) - Alfoz	PC	1.372	14,4
LU-212(9)	Com	13	L	Monterroso (LU-212)	Taboada - Monterroso	S	2.170	10,0
LU-221(2)	Per	13	L	Monterroso (LU-221)	Monterroso - Palas de Rei	S	2.007	11,7
LU-231(2)	Com	13	O	Friol (LU-231)	Friol - Palas de Rei	S	623	6,7
LU-232(16)	Per	13	O	Cotá	LU-234 - Friol	PC	1.997	6,2
LU-530(5)	Per	16	O	Fazai - Lugo	Enl. A-6 - Castroverde (Estda. Dep.)	PB	4.508	9,9
LU-530(31)	Com	18	O	Baleira	Cádabo (LU-750) - Fonsagrada	PB	1.171	10,2
LU-540(6)	Com	15	V	Merille	LU-161 (Landrove) - Oural (LU-105)	PB	2.284	11,9
LU-541(0)	Com	15	P	Rábade (LU-541)	Enl. A-6 - Variante Vilalba	PB	8.115	13,3
LU-546(0)	Com	16	N	Nadela	Nadela (N-VI) - Maceda (Estda. Dep.)	PB	10.792	10,9
LU-546(10)	Com	16	M	Maceda	Maceda (Estda. Dep.) - Pobra de San Xiao (LU-614)	PB	10.425	11,4
LU-546(16)	Com	16	M	Sarria (LU-546)	Celtigós (Estda. Dep.) - Sarria (LU-633)	PB	8.528	12,5
LU-546(32)	Com	16	L	Oural	Sarria (LU-633) - Oural (LU-642)	PB	5.513	13,1
LU-546(50)	Com	16	J	Monforte de Lemos	Bóveda (LU-652) - Monforte	PB	4.362	9,7
LU-611(35)	Com	14	L	Taboada	Currelos (Dep. LU-4202) - Taboada	S	510	7,8
LU-612(5)	Per	15	N	Santiago de Saa	Lugo (antiga N-540) - Lousada (Estda. Dep.)	PC	2.847	6,2
LU-617(15)	Per	15	J	Escairón (LU-617)	Escairón - LU-533	S	658	5,7
LU-621(0)	Com	16	M	Pobra de San Xiao	Pobra de S. Xiao - LU-622	S	766	9,1
LU-633(31)	Com	17	L	Samos	Triacastela - Samos	PC	963	22,9
LU-633(76)	Com	14	M	Portomarín	Portomarín (LU-613) - Palas do Hospital (N-540)	PC	778	13,9

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Via alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE LUGO

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	IMD	%Pes
		X	Y					
LU-644(4)	Per	16	K	Laiosa	Laiosa (LU-643) - Cruz do Incio	S	764	6,8
LU-652(7)	Com	16	J	Río Cabe	LU-933 - Bóveda	PC	1.172	20,0
LU-710(14)	Com	18	O	Baleira (LU-710)	Enl. A-6 - Baleira	PC	526	10,5
LU-750(4)	Per	17	Q	Meira	Meira - Valonga (LU-760)	PC	383	6,4
LU-750(22)	Com	18	O	Baleira (LU-750)	Valonga (LU-760) - Baleira	PC	584	7,2
LU-861(1)	Com	14	R	Vilalba(LU-861)	Vilalba (N-634) - LU-118	PB	3.309	20,9
LU-861(16)	Per	13	S	San Martiño	LU-118 - Cabreiros (LU-540)	PB	5.524	16,0
LU-862(81)	Com	14	V	Viveiro Oeste	Límite de Provincia - Viveiro	PB	4.720	6,7
LU-862(90)	Com	15	V	Viveiro Leste	Viveiro - Xove (Estda. Dep.)	PB	7.125	10,1

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Vía alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE OURENSE

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	IMD	%Pes
		X	Y					
OU-101(3)	Per	13	G	Santa Mariña	Os Viros (OU-510) - P.I. (OU-537)	PC	3.270	5,1
OU-103(1)	Com	15	F	Maceda (OU-103)	Maceda - Os Milagros	S	1.736	4,1
OU-105(4)	Per	13	G	Ponte Noalla (OU-105)	Estda. Dep. - A Ponte Noalla (N-525)	S	13.955	17,5
OU-113(37)	Com	15	E	Borrán	Albergueira (OU-111) - Vilar de Barrio	S	148	9,8
OU-122(0)	Com	21	H	Carballeda	Sobradelo - Límite Provincia	PC	1.000	22,4
OU-300(9)	Com	13	E	Santa Baia	Courbillón (Estda. Dep.) - Celanova (OU-531)	S	336	8,9
OU-301(3)	Com	14	D	As Lamas	Xinzo de Limia (N-525) - Ganade (Estda. Dep.)	S	1.582	6,4
OU-304(3)	Per	14	D	Baltar	Damil - Baltar	S	1.696	10,2
OU-402(3)	Per	12	G	Ourense (OU-402)	Ourense - Enl. A-52	S	1.366	6,4
OU-411(0)	Com	12	D	Bande Oeste	Bande - Bangueses	S	323	6,0
OU-504(10)	Com	11	H	Leiro	OU-211 - Enl. OU-208	PB	4.229	8,8
OU-504(23)	Com	12	I	Fondo de Cea	OU-206 - Enl. N-525	PB	4.120	12,7
OU-504(27)	Com	12	I	Cea	Enl. N-525 - Cea	PB	1.086	7,7
OU-531(4)	Com	14	D	Vilar de Santos	Xinzo de Limia - OU-300	PB	2.492	12,3
OU-531(31)	Com	12	F	Pambre	Celanova (OU-540) - Cortegada (OU-801)	PB	1.924	4,2
OU-533(11)	Com	19	E	Pradocabalos	A Gudiña - Viana de Bolo	PB	1.094	15,0
OU-533(37)	Per	19	G	Santa Cruz	Viana de Bolo - Freixido (OU-636)	PB	1.498	9,2
OU-536(1)	Com	13	G	Ourense	Ourense - OU-537	PB	13.494	4,7
OU-536(14)	Com	14	G	Esgos	A Derrasa - Alto do Couso (OU-104)	PB	4.929	6,8
OU-536(33)	Per	16	G	Vilariño Frio	Alto do Couso (OU-104) - Castro Caldelas (OU-903)	PB	2.098	7,8
OU-537(2)	Com	13	G	San Ciprián (OU-537)	Medorra - Derrasa (OU-536)	PB	6.010	9,6
OU-540(4)	Com	13	G	Loiro	Enl. A-52 - Manchica (Estda. Dep.)	PB	9.569	5,0
OU-540(16)	Com	12	F	Manchica	Manchica (Estda. Dep.) - Celanova (OU-531)	PB	6.674	6,3
OU-540(39)	Per	12	D	Bande (OU-540)	Celanova (OU-531) - Bande (OU-301)	PB	2.724	8,0
OU-540(51)	Com	12	C	Santa Comba de Bande	Bande (OU-301) - OU-312	PB	1.752	15,0
OU-636(19)	Com	19	H	Freixido (OU-636)	Pobra de Tribes - Freixido	PC	979	7,3
OU-801(2)	Com	10	G	Francelos	Ribadavia - Prexigueiro (OU-190)	PB	775	5,0
OU-801(16)	Com	10	F	Cortegada	Cortegada (OU-402) - Pte. Barxas (OU-411)	PB	1.200	6,4

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Via alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	IMD	%Pes
		X	Y					
AG-57(2)	Com	5	E	Baiona (AG-57)	Valmiñor (PO-552) - Enl. de Sabaris	VAC	1.845	4,3
AG-57(19)	Com	6	E	Puxeiros	Enl. de Vincios - Enl. VG-20	VAC	11.342	5,2
CG-4.1(0)	Per	6	G	Túnel Domaio (CG-4.1)	Rande (PO-551) - Enl. Domaio (Estda. Dep.)	VAC	14.189	3,8
PO-205(1)	Com	10	K	Silleda (PO-205)	Silleda - Vila de Cruces	PC	2.853	9,1
PO-223(6)	Com	7	I	Xeve (PO-223)	PO-224 - Campo Lameiro	S	1.646	6,3
PO-233(2)	Com	7	H	Ponte Bora (PO-233)	Ponte Bora - Carballedo	S	2.085	4,2
PO-252(12)	Per	8	G	Moscoso	Mondariz - Moscoso	S	322	8,1
PO-254(3)	Com	8	F	Prado	Pontearreas - Prado	S	6.531	4,5
PO-255(3)	Com	8	H	Caritel	Ponte Caldeas - Caritel (PO-241)	PC	3.087	6,5
PO-300(1)	Com	6	I	Mosteiro	Nogueira - Ponte Arnelas	PC	4.377	6,8
PO-301(4)	Com	5	J	Ponte Arnelas	Ponte Arnelas - Vilagarcía	PC	2.775	5,5
PO-307(3)	Com	5	I	Illa de Arousa	PO-549 - Illa de Arousa	PC	7.580	6,0
PO-308(1)	Com	6	H	Poio	Poio (PO-309) - Poio (VG-4.8)	PC	20.853	4,0
PO-308(5)	Com	6	H	Combarro	Poio (VG-4.8) - Samieira (PO-303)	PC	17.957	4,4
PO-308(14)	Com	5	H	Sanxenxo	Samieira (PO-303) - Sanxenxo (PO-504)	PC	13.199	3,9
PO-308(21)	Per	5	H	Portonovo	Portonovo (PO-364) - A Lanzada (VG-4.1)	PC	5.856	3,6
PO-313(6)	Com	6	G	Marín (PO-313)	Enl. VG-4.4 - Enl. CG-4.1	S	2.608	4,4
PO-315(7)	Com	5	G	Menduiña	VG-4.6 - Cangas (PO-551)	PC	4.610	5,5
PO-316(3)	Com	5	I	O Grove	A Lanzada - O Grove	PC	13.311	5,5
PO-325(7)	Com	5	E	Santa Marta (Saians)	Canido (Estda. Dep.) - A Ramallosa	S	12.507	4,3
PO-330(6)	Com	6	E	Vincios	Vigo - Vincios	PC	12.000	5,6
PO-331(8)	Com	6	E	Zamáns	Cela (PO-342) - PO-330	PC	5.318	9,3
PO-331(16)	Com	6	E	Gondomar (Pego Negro)	PO-332 - Gondomar	PC	9.290	5,2
PO-340(3)	Com	6	D	Randufe (Tui)	Enl. A-55 - Couso (PO-344)	PC	2.269	6,8
PO-340(18)	Per	5	E	Gondomar norte	Gondomar - A Ramallosa	PC	13.877	4,7
PO-344(0)	Com	6	C	Forcadela (PO-344)	Forcadela - Tomiño	PC	5.874	7,8
PO-400(1)	Com	8	D	Salvaterra	Salvaterra - PO-402	PC	1.600	3,7
PO-400(17)	Com	9	E	Arbo	As Neves (PO-415) - Arbo (PO-415)	PC	3.052	5,8

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Via alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede	IMD	%Pes
		X	Y			Red		
PO-402(10)	Per	8	E	Vilacová	A-52 - Vilasobroso (N-120)	S	573	6,4
PO-403(9)	Per	8	E	Ponteareas (PO-403)	A-52 - Ponteareas	PC	13.665	4,6
PO-405(0)	Com	9	E	Ponte de Arbo	PO-400 - Portugal	PC	1.890	4,4
PO-406(0)	Com	10	F	A Cañiza	A Cañiza - Límite de Provincia	PC	1.177	3,2
PO-504(1)	Com	5	H	Vilalonga	VG-4.1 - Vilalonga	PB	8.052	5,8
PO-510(14)	Com	8	D	Salvaterra (PO-510)	Enl. PO-403 - Oleiros (PO-402)	PB	3.050	17,9
PO-531(9)	Com	6	I	Curro (PO-531)	San Caetano (PO-225) - Curro (VG-4.1)	PB	20.882	11,2
PO-532(7)	Per	7	H	Pontecaldelas	Marcón (PO-542) - Ponte Caldelas	PB	5.855	5,7
PO-533(4)	Com	11	K	Lalín (PO-533)	Lalín - Rodeiro	PB	3.547	9,8
PO-534(3)	Com	10	K	Lalín (PO-200)	AP-53 - P.I de Botos	PB	5.576	8,4
PO-534(24)	Com	9	J	Aciveiro	Laro (PO-201) - Cachafeiro (Estda. Dep.)	PB	1.214	10,6
PO-534(31)	Com	9	J	Folgozo	Cachafeiro (Estda. Dep.) - Folgozo (N-541)	PB	2.063	11,2
PO-535(0)	Com	6	H	Mosteiro de Poio	Mosteiro de Poio (VG-4.8) - San Xoán de Poio (PO-308)	PB	4.449	6,0
PO-542(1)	Per	7	H	Ponte Bora (PO-242)	Ponte Bora - Marcón	PB	5.238	11,3
PO-542(5)	Com	7	H	Marcón	Marcón - O Pino	PB	9.562	11,2
PO-548(16)	Com	5	J	Carril	Carril (PO-192) - Vilagarcía (cruce semáforos al puerto)	PB	10.961	8,8
PO-549(3)	Per	5	J	Vilanova de Arousa	PO-529 - Caleiro	PB	13.985	4,0
PO-550(8)	Com	5	H	Dena	PO-303 (Castrelo) - Vilalonga (PO-504)	PB	11.746	6,1
PO-551(1)	Per	6	H	Seixo	Marín - Seixo (Estda. Dep.)	PB	14.074	7,6
PO-551(13)	Com	5	G	Bueu	Bueu (PO-315) - Enl. VG-4.6	PB	9.459	4,4
PO-551(21)	Com	5	F	Tirán	Cangas (PO-315) - Moaña ( PO-313)	PB	9.418	3,6
PO-551(32)	Com	6	G	Domaio	Meira (Estda. Dep.) - Rande	PB	9.841	3,9
PO-552(3)	Per	5	F	A Xurela	A Xurela (Estda. Dep.) - Nigrán (PO-332)	PB	15.896	3,1
PO-552(18)	Com	5	E	Baiona	Baiona (Estda. Dep.) - AG-57	PB	6.630	3,3
PO-552(60)	Com	6	C	Forcadela (PO-552)	As Patas - Forcadela (PO-344)	PB	13.790	7,7
PO-552(68)	Com	6	C	Torrón	Forcadela (PO-344) - Torrón (Estda. Dep.)	PB	12.958	7,4

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Vía alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede	IMD	%Pes
		X	Y			Red		
PO-402(10)	Per	8	E	Vilacová	A-52 - Vilasobroso (N-120)	S	573	6,4
PO-403(9)	Per	8	E	Ponteareas (PO-403)	A-52 - Ponteareas	PC	13.665	4,6
PO-405(0)	Com	9	E	Ponte de Arbo	PO-400 - Portugal	PC	1.890	4,4
PO-406(0)	Com	10	F	A Cañiza	A Cañiza - Límite de Provincia	PC	1.177	3,2
PO-504(1)	Com	5	H	Vilalonga	VG-4.1 - Vilalonga	PB	8.052	5,8
PO-510(14)	Com	8	D	Salvaterra (PO-510)	Enl. PO-403 - Oleiros (PO-402)	PB	3.050	17,9
PO-531(9)	Com	6	I	Curro (PO-531)	San Caetano (PO-225) - Curro (VG-4.1)	PB	20.882	11,2
PO-532(7)	Per	7	H	Pontecaldelas	Marcón (PO-542) - Ponte Caldelas	PB	5.855	5,7
PO-533(4)	Com	11	K	Lalín (PO-533)	Lalín - Rodeiro	PB	3.547	9,8
PO-534(3)	Com	10	K	Lalín (PO-200)	AP-53 - P.I de Botos	PB	5.576	8,4
PO-534(24)	Com	9	J	Aciveiro	Laro (PO-201) - Cachafeiro (Estda. Dep.)	PB	1.214	10,6
PO-534(31)	Com	9	J	Folgozo	Cachafeiro (Estda. Dep.) - Folgozo (N-541)	PB	2.063	11,2
PO-535(0)	Com	6	H	Mosteiro de Poio	Mosteiro de Poio (VG-4.8) - San Xoán de Poio (PO-308)	PB	4.449	6,0
PO-542(1)	Per	7	H	Ponte Bora (PO-242)	Ponte Bora - Marcón	PB	5.238	11,3
PO-542(5)	Com	7	H	Marcón	Marcón - O Pino	PB	9.562	11,2
PO-548(16)	Com	5	J	Carril	Carril (PO-192) - Vilagarcía (cruce semáforos al puerto)	PB	10.961	8,8
PO-549(3)	Per	5	J	Vilanova de Arousa	PO-529 - Caleiro	PB	13.985	4,0
PO-550(8)	Com	5	H	Dena	PO-303 (Castrelo) - Vilalonga (PO-504)	PB	11.746	6,1
PO-551(1)	Per	6	H	Seixo	Marín - Seixo (Estda. Dep.)	PB	14.074	7,6
PO-551(13)	Com	5	G	Bueu	Bueu (PO-315) - Enl. VG-4.6	PB	9.459	4,4
PO-551(21)	Com	5	F	Tirán	Cangas (PO-315) - Moaña ( PO-313)	PB	9.418	3,6
PO-551(32)	Com	6	G	Domaio	Meira (Estda. Dep.) - Rande	PB	9.841	3,9
PO-552(3)	Per	5	F	A Xurela	A Xurela (Estda. Dep.) - Nigrán (PO-332)	PB	15.896	3,1
PO-552(18)	Com	5	E	Baiona	Baiona (Estda. Dep.) - AG-57	PB	6.630	3,3
PO-552(60)	Com	6	C	Forcadela (PO-552)	As Patas - Forcadela (PO-344)	PB	13.790	7,7
PO-552(68)	Com	6	C	Torrón	Forcadela (PO-344) - Torrón (Estda. Dep.)	PB	12.958	7,4

TIPO: PER (Permanente), SEM (Semipermanente) y COM (Complementaria)

REDE: VAC (Vía alta capacidade), PB (Primaria básica), PC (Primaria complementaria) y S (Secundaria)

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

2006

Código Estación	Tipo	Cuadríc.		Nome / Nombre	Treito / Tramo	Rede Red	2006	
		X	Y				IMD	%Pes
PO-840(68)	Com	11	L	Agolada	Pte. Arcediago - Agolada	PB	3.113	12,3
PO-841(12)	Per	7	L	Pontevea Sur	Pontevea - Baloira (PO-214)	PB	8.258	6,4
VG-4.1(1)	Com	6	I	Curro (VG)	Curro - VG-4.2	VAC	14.800	10,3
VG-4.1(16)	Com	5	H	Sanxenxo (VG)	Enl. Meaño - Enl. Sanxenxo	VAC	10.410	7,4
VG-4.1(22)	Com	5	H	A Lanzada (VG)	Enl. Portonovo - A Lanzada	VAC	7.119	4,9
VG-4.2(1)	Per	5	I	Barrantes (VG-4.2)	Glor. Barrantes - Cambados	VAC	10.561	7,6
VG-4.3(0)	Per	5	I	Cambados (VG-4.3)	Cambados (PO-300) - Enl. Cambados (PO-549)	VAC	9.354	7,2
VG-4.3(4)	Com	5	J	Enlace Illa	Enl. Illa de Arousa (PO-530) - Enl. Vilagarcía (PO-529)	VAC	7.428	6,1
